

Literatura infantil e xuvenil

Todos somos monstros

Marcos S. Calveiro volve en *Rinocerontes e quimeras* ao século XIX para detectar o odio contra a diferenza

Rinocerontes e quimeras · Marcos S. Calveiro · Tambre, 2007 · 160 páx · 8,70 euros




Seis nenos deformes, un pobre infeliz que só sabe obedecer, tristeza, tenrura e esperanza son os elementos principais cos que Marcos S. Calveiro crea os seus *Rinocerontes e quimeras*, que viron a luz na colección Catavento da editorial Tambre.

A historia desenvólvese nun espazo pechado, un vagón de tren abandonado nunha vía morta, no que están os nosos monstros a agardar que alguén os vaia buscar. Nenasiamesas, Nenapaxaro, Nenolifante, Nenaxirafa e Nenopingüín non saben que fan alí nin que é o que lles vai pasar. Balote, o axudante de Míster B, o dono do circo, é o que se encarga deles, intenta calmalos e asegúralles que a súa situación é transitoria, que pronto irán por eles e que aínda que non llelo pareza, o circo é a súa casa, o único lugar no que poden levar unha vida tranquila e feliz.

O autor, pouco a pouco, nuns capítulos que seguen unha estrutura ben organizada, vai dando datos de cal é a situación na que están os nosos protagonistas, e a medida que pasamos páxinas imos sabendo algo máis das súas vidas, xa que son eles mesmos os que contan en primeira persoa como transcorreron os seus primeiros anos de vida e como foron “salvados” por Míster B, que os levou ó circo para formar parte da súa Galería dos Monstros.

As historias teñen todas en común o odio e a xenreira que sufriron estas persoas dende que naceron polo feito de ser diferentes ós demais. Eles non son culpables de ser así, e coas súas narracións sinxelas e humanas son capaces de facer que o lector comprenda perfectamente a súa dor e se compadeza deles dende o primeiro momento, porque no fondo todos sabemos que o feito de ser diferentes non significa que sexan peores persoas, aínda que despois á hora da verdade sempre nos quedamos mirando como pampos ós “outros”, os que non cumpren canons, aqueles dos que por se acaso escapamos, non vaia ser.

Logra moi ben Marcos S. Calveiro transmitirnos unha sensación de angustia e desacougo, grazas por un lado á tensión que se vive no pequeno espazo no que están agardando estes seres deformes, ese vagón de tren no que non



Michael Paulus

hai nin auga nin comida, no que non poden ver o que pasa fóra e do que non poden saír. Por outro lado o paso do tempo está sempre presente, e cada poucos capítulos lémbransenos que a torga medra ó redor do vagón, e nós, ó igual que

traspórtanos a outra época, un século XIX no que a ciencia aínda non é quen de explicar moitas cousas, onde sen picaresca non se pode sobrevivir e no que as máquinas comezan a ter máis importancia que as persoas. Pero

Eles non son culpables de ser así, e coas súas narracións sinxelas e humanas son capaces de facer que o lector comprenda perfectamente a súa dor e se compadeza deles dende o primeiro momento

os monstros sabemos que cada minuto que pasa vai na súa contra, que teñen que saír, pero... e se saen de alí onde van?, quen os vai acoller? Terá razón Balote e o mellor será seguir no circo?

Despois de todo o dito, pode chegar a parecer que estamos diante dunha narración moi triste e sen ningún tipo de encanto, pero non é así. *Rinocerontes e quimeras*

sobre todo, axúdanos a pensar en todo o sufrimento que padeceron moitos seres humanos pola ignorancia dos seus conxéneres, e o que é máis importante, ver que a día de hoxe, en pleno século XXI seguimos a ser crueis con todos aqueles que por unhas cousas ou outras non se parecen a nós.

// Ana Amado Reino